

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA),

CERTIFICA:

Que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o 8 de xullo de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

O sr. alcalde da conta da proposta sobre a periodicidade das sesións do Pleno e da Xunta de Goberno Local, de 3 de xullo de 2019, que se recolle a continuación.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o disposto nos artigos 4.1.a) e 46.1 e 2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigo 47 do R.D. Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), artigos 210 e 211 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), artigos 38, 78 e 112 do R.D 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), e artigos 11 e 19 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM).

Considerando que segundo o previsto no artigo 19.2 do ROM do Concello de Teo, o Pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada mes, nos días e horas que se fixen por acordo plenario e que poderán ser cambiados en calquera momento posterior por dito órgano.

Considerando que, segundo o previsto no artigo 11 do ROM, a Xunta de Goberno Local celebrará sesións ordinarias o primeiro e terceiro luns de cada mes, ás 14 horas, e

extraordinarias e urxentes cando sexan convocadas polo alcalde ou a instancia de polo menos unha cuarta parte do número legal dos seus compoñentes.

En virtude do exposto e de acordo coa normativa citada, proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Que se celebre Pleno ordinario o último mércores de cada mes, excepto no mes de agosto, ás 20 horas. Se coincide con día inhábil celebrárase o anterior día hábil á mesma hora.

Segundo.- De acordo co anterior, o Pleno celebrará a súa primeira sesión ordinaria o mércores 31 de xullo de 2019.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesións ordinarias o primeiro e terceiro luns de cada mes ás 14 horas (ás 13 horas cando exista horario reducido), e extraordinaria e urxente cando sexan convocadas polo alcalde ou a instancia de polo menos unha cuarta parte do número legal dos seus compoñentes.

A estes efectos entenderase que a referencia ao primeiro e terceiro luns, deben ser hábiles, celebrándose, noutro caso, o primeiro día hábil seguinte.

Cuarto.- O presente acordo surtirá efecto dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo de levar a cabo as actuacións necesarias para incorporar o seu contido, no que sexa preciso, ao ROM.”.

(...)

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG),
acorda:**

Primeiro.- Que se celebre Pleno ordinario o último mércores de cada mes, excepto no mes de agosto, ás 20 horas. Se coincide con día inhábil celebrárase o anterior día hábil á mesma hora.

Segundo.- De acordo co anterior, o Pleno celebrará a súa primeira sesión ordinaria o mércores 31 de xullo de 2019.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesións ordinarias o primeiro e terceiro luns de cada mes ás 14 horas (ás 13 horas cando exista horario reducido), e extraordinaria e urxente cando sexan convocadas polo alcalde ou a instancia de polo menos unha cuarta parte do número legal dos seus compoñentes.

A estes efectos entenderase que a referencia ao primeiro e terceiro luns, deben ser hábiles, celebrándose, noutro caso, o primeiro día hábil seguinte.

Cuarto.- O presente acordo surtirá efecto dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo de levar a cabo as actuacións necesarias para incorporar o seu contido, no que sexa preciso, ao ROM.

E para que conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, coa reserva do artigo 206 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en Teo, na data da sinatura dixital do presente.

Vº e praxe

O alcalde,

A secretaria xeral

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz